

FOLGA



ATENCIÓN PRIMARIA

1. A **retirada inmediata da proposta de medidas** presentadas na mesa sectorial do 17 de outubro de 2025.
2. A **retirada da categoría de FEAP.**
3. Negociación do **Plan de Ordenación de Recursos Humanos** da atención primaria no prazo máximo de seis meses, que inclúa, entre outros:
 - **Análise das ratios** de persoal existente por categorías nos distintos centros de saúde e PAC.
 - Ratios, **como mínimo de 1:1, entre médicas/os de familia e enfermeiras/os.**
 - **Incremento do persoal da área administrativa** de atención primaria.
 - Incorporación de **novas categorías profesionais.**
4. **Actualización do modelo retributivo** de todas as categorías de atención primaria:
 - Incorporando o **pago por TIS** para todas as categorías.
 - Complemento retributivo de soidade e illamento **(F e G) a todas as categorías.**
 - Incrementar o valor da “**manutención**” para **PACs.**
 - Incluír o **valor da festividade** para a noite de venres en **persoal médico de PACs.**
 - Regular o valor da **prolongación de xornada** para persoal médico de **PACs.**
 - Incrementar o valor da **complementaria** para o persoal de **enfermería de PACs.**
5. **Convocatoria do concurso específico** da especialidade de enfermaría familiar e comunitaria, e **reconversión de prazas** tanto das especialidades de familia como de pediatría.
6. Consolidación do **transporte para os domicilios de AP.**
7. Dotación e renovación de **recursos materiais a centros de saúde e PACs.**
8. Estudo de **carga asistencial dos PACs** e dotación consecuente de persoal.
9. Aplicación da **redución de xornada** recollida no acordo do 20 de abril de 2023 a todo o persoal de atención primaria.
10. **Supresión do aplicativo** existente para o cómputo de xornada do persoal dos PACs .
11. **Redución da xornada complementaria obrigatoria** de PACs.
12. Definición dos **postos e centros de difícil cobertura** e negociación dos incentivos.
13. **Que se garanta que non se favorecerá nin facilitará desde a Consellería de Sanidade un modelo de homologación de titulacións extracomunitarias que devalúen a especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria e que non se contratará a persoal sen a titulación da especialidade.**